

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Instrución 2/2005, do 30 de marzo, da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos, sobre xestión das listaxes de vinculacións temporais de curta duración nas institucións sanitarias deste organismo.

O pacto sobre selección temporal para vinculacións temporais de persoal estatutario nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004) prevé no seu artigo 12.3º a creación de listaxes especiais para vinculacións temporais de curta duración para nomeamentos que non excedan de cinco días, para a cobertura de necesidades producidas como consecuencia do traslado de enfermos en ambulancia, absentismo, incapacidade temporal pendente de xustificación non superior a 3 días, permisos e licenzas.

As categorías en que se oferta a posibilidade de vinculacións de curta duración son declaradas pola División de Recursos Humanos do Sergas.

De conformidade co disposto no pacto sobre selección temporal, os centros de xestión do Sergas formulan a proposta de apertura de listaxes de vinculacións temporais de curta duración, de acordo coas necesidades deste tipo de vinculacións previstas no centro, así como o número de aspirantes que deberán conformar estas listaxes, tanto a principal coma a de reserva, tendo en conta estas necesidades.

As citadas propostas de listaxes de curta duración serán estudadas no seo da comisión central de seguimento do pacto sobre selección temporal, que resolverá sobre a procedencia concreta de cada listaxe e o número de aspirantes que procede incluír.

Co obxecto de desenvolver a nova regulamentación das listaxes de vinculacións temporais de curta duración, por mor das importantes modificacións do pacto actual, con respecto ao pacto anterior, sobre a configuración do vínculo que subscribirán os aspirantes nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, esta División de Recursos Humanos, logo do acordo acadado no seo da comisión central de seguimento do pacto sobre selección temporal, en uso das competencias conferidas no Decreto 14/2005, do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 25, do 7 de febreiro), polo que se establece a estrutura orgánica do Sergas, considera oportuno ditar as seguintes instrucións:

Primeira.-Ámbito de aplicación e obxecto.

Estas instrucións teñen por obxecto desenvolver o previsto no punto 12.3º (vinculacións de curta duración) do pacto de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Sergas.

Segunda.-Causas de vínculos de curta duración.

As listaxes de curta duración poderán ser utilizadas para chamamentos que non excedan de cinco

días de duración, por algunha das causas que a continuación se enumeran:

1. Traslados de enfermos en ambulancias.
2. Absentismo.
3. Incapacidade temporal pendente de xustificación non superior a tres días, desde a data da súa efectividade.
4. Permisos.
5. Licenzas.

Terceira.-Regulamentación da orde de chamamentos de aspirantes.

3.1. Os aspirantes poderán figurar como titulares ou reservas, no número que se determine coa publicación das listaxes provisionais. Os aspirantes que figuren coma titulares serán chamados de xeito rotatorio, segundo a súa orde de prelación nas listaxes.

3.2. A inclusión dos aspirantes nas listaxes de curta duración implica a súa exclusión de chamamentos pola listaxe xeral para formalización de vínculos inferiores a catro meses, agás en caso de indisponibilidade de aspirantes na listaxe xeral para a cobertura de período vacacional estival, nas que serán chamados con prioridade sobre os aspirantes inscritos por mor de convocatorias automáticas previstas na norma xeral 6.3. (Convocatorias por indisponibilidade de aspirantes nas listaxes dunha determinada categoría) e sobre a utilización de listaxes das áreas próximas.

3.3. A comisión provincial de seguimento do pacto será informada da situación desta indisponibilidade de aspirantes na listaxe xeral, que deberá ser debidamente acreditada polo órgano periférico do Servizo Galego de Saúde que teña atribuída a competencia na xestión da devandita listaxe.

Cuarta.-Suspensión de chamamentos.

4.1. As vinculacións que se subscribirán con cada aspirante chamado pola listaxe de curta duración non poderán exceder do cómputo de 10 días cada mes, e consecuentemente, 120 días ao ano.

No caso excepcional de que se exceda de 120 días con anterioridade ao remate do ano, o aspirante será suspendido para chamamentos pola listaxe de curta duración e será chamado cando lle corresponda polo seu número de orde pola listaxe xeral. A data de referencia para o cómputo do ano será a de entrada en vigor das listaxes, coa publicación das relacións definitivas de aspirantes admitidos e excluídos de cada categoría.

Unha vez cumprido o ano, o aspirante suspendido será repostado na listaxe de curta duración, no número de orde que lle corresponda pola súa puntuación. O suposto de suspensión por exceso de tempo dun titular non suporá a inclusión dun aspirante de reserva no seu lugar.

4.2. Así mesmo, seralles de aplicación aos aspirantes inscritos nas listaxes de vinculacións temporais de curta duración a suspensión de chamamentos prevista na norma xeral 8 do pacto sobre selección temporal, cando o tempo traballado no Sergas exceda de 360 días nun prazo de tres anos, coa salvidade de indisponibilidade conxuntural de aspirantes prevista no pacto, e non sería aplicable esta medida de suspensión nos chamamentos polo período de indisponibilidade.

En todo caso, a suspensión de chamamentos considerada no punto 4.2 na listaxe xeral e, por tanto tamén na listaxe de curta duración, non poderá exceder de tres meses, nun período de doce desde a aplicación da suspensión.

4.3. Procederá a suspensión por solicitude dos interesados, con base nalgunha das circunstancias previstas na norma 11.1.2. con expresión da causa xustificada. A devandita causa será suficientemente acreditada con anterioridade a que se produza o chamamento ou, en todo caso, antes da formalización do nomeamento. Nestes supostos non procederá penalización, agás que sexa inxustificada a causa ou se observe a falsidade ou inexistencia da causa alegada.

Para o levantamento da suspensión, o interesado deberá remitir notificación de dispoñibilidade, alegando o remate da causa de suspensión. A solicitude de levantamento de suspensión deberá ser vista pola comisión provincial de seguimento do pacto sobre selección temporal, que aceptará a súa reposición nas listaxes no posto en que figuraba antes da suspensión.

Quinta.-Penalizaciones.

5.1. As renuncias a ofertas de vinculacións polas listaxes de curta duración terán o mesmo tratamento que as renuncias pola listaxe xeral, e seralles de aplicación as penalizacións previstas na norma xeral 11 do pacto sobre selección temporal.

5.2. A penalización terá unha duración dun ano e seralles comunicada, en canto se produza, ao interesado e á comisión provincial de seguimento do pacto.

Sexta.-Listaxes de vinculacións de curta duración. Titulares e de reserva.

O número de aspirantes determinado na publicación das listaxes provisionais non poderá ser ampliado sen tratamento previo e acordo no seo da comisión central de seguimento do pacto sobre selección temporal.

6.1. Titulares.

Estarán suspendidos de chamamentos nas listaxes de curta duración os aspirantes que figuren como titulares e que no momento da súa publicación teñan vínculos de longa duración vixentes. No intre en que perdan o vínculo de longa duración serán repositos nas listaxes de curta duración correspondente.

Co obxecto de que as listaxes sexan máis operativas, estes casos non computarán para efectos do número autorizado para cada listaxe.

6.2. Reservas.

En caso de indisponibilidade ou esgotamento de aspirantes determinados como titulares na listaxe principal de curta duración, efectuaranse os chamamentos pola listaxe de reserva.

Os reservas pasarán a ser titulares cando algún deles cause baixa por penalización, renuncia ou suspensión xustificada. Non serán chamados reservas por suspensión derivada do exceso de 120 días traballados nun ano.

Sétima.-Seguimento dos vínculos de curta duración.

Nas reunións mensuais que se fagan nas comisións provinciais de seguimento do pacto incluírase na orde do día o seguimento da xestión das listaxes de curta duración.

A estas reunións serán convocados os representantes das xerencias, que informarán das incidencias e xestión das listaxes de vinculacións de curta duración.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Corrección de erros.-Resolución do 28 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se publican as bases que rexen a convocatoria conxunta de concurso ordinario de méritos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Advertidos erros na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 65, do 6 de abril de 2005, procede facer a seguinte corrección:

Na páxina 5.615 no punto 2.2, 4 onde di: «José Carlos Castiñeira Piñeiro, secretario do Concello de Boborás», debe dicir: «José Carlos Castiñeira Piñeiro, secretario do Concello de Cangas do Morrazo».